

Prezado equipo directivo,

Prezado/a docente,

O Concello de Boiro puxo en marcha a finais do ano 2019 a entrega gratuíta de composteiros domésticos para aquelas persoas e familias que contasen con vivendas unifamiliares ou vivendas colectivas con espazos verdes e/ou xardín. Con esta medida o Concello de Boiro pretendía comezar a artellar unha rede de compostaxe doméstica que promove se unha redución de residuos orgánicos.

Esta medida, benéfica para o medio ambiente, as persoas e para a sociedade no seu conxunto foi ben acollida polos veciños e, ate o momento, nestes últimos anos levamos repartidos preto de 200 composteiros domésticos.

Na actualidade, neste ano 2022 temos aínda unha reserva de case 100 composteiros domésticos e, asemade, no ano 2023 preveemos repartir outros douscentos.

A tenor dos feitos, con interese en chegar ao maior número de poboación posible, **rogamos fagan extensible esta información ao alumnado, ANPAS, e familias por aquelas canles que estimen oportunas** (comunicación, correo electrónico, ABALAR, e calquera outro sistemas que consideren).

As persoas interesadas poden solicitar o composteiro presencialmente, no Departamento de Medio Ambiente do Concello de Boiro, por enderezo electrónico en medioambiente@boiro.org ou telefonicamente.

Asemade, no caso de que algún dos centros considere interesante contar con algún composteiro para o seu horto escolar, cafeterías, comedores ou para calquera actividade escolar, non dubide en solicitalo.

Á súa disposición,

O Concelleiro-Delegado de Medio Ambiente

ASINADO DIXITALMENTE

